

MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, A FUNDACION REDE DE INNOVACIÓN AROUSA (RIA) E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA REALIZAR UNHA INVESTIGACIÓN SOBRE AS CONDICIÓN ACTUAIS DAS INICIATIVAS PÚBLICAS EN GALICIA EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN, CONSERVACIÓN E ORDENACIÓN TERRITORIAL E PROPOSTAS DE FUTURO PARA UNHA ORDENACIÓN E PLANIFICACIÓN SOSTIBLE EN GALICIA

O secretario xeral técnico e do Patrimonio,

DECLARA

Que a Consellería de Facenda e Administración Pública ten previsto formalizar, xunto coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31.12.2022.

Que o obxecto do convenio consiste no desenvolvemento dunha investigación pola Fundación Ria, coa colaboración do COAG, sobre as condicións actuais das iniciativas públicas en Galicia en materia de planificación, conservación e ordenación territorial nos ámbitos urbano e rural, co obxectivo de realizar propostas de futuro para unha planificación sostible en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido, con fundamento no seguinte:

A Xunta de Galicia, en liña e comprometida cos obxectivos fixados por directrices internacionais de desenvolvemento sostible como a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible da ONU, o Pacto Verde Europeo da UE, ou a Axenda Urbana Española, considera de utilidade pública promover unha investigación que, considerando a singularidade de condicións territoriais de Galicia, propoña criterios comúns para desenvolver no futuro documentos de planificación estratéxica adaptados ao contexto autonómico, que poidan ser utilizados polas distintas administracións públicas con competencias na ordenación e planificación do territorio ou con competencias que supoñan un impacto nas contornas urbanas e rurais.

Así mesmo a Xunta de Galicia considera que a Fundación RIA, co apoio e a colaboración do COAG, aporta valores engadidos que determinan a singularidade deste proxecto investigador, pola súa natureza sen ánimo de lucro e fins fundacionais recollidos nos seus estatutos; por aportar un amplo coñecemento do contexto galego e experiencia en campos diversos relacionados coa ordenación do territorio, economía ambiental, urbanismo, arquitectura e patrimonio; pola utilización de metodoloxías de análise,



planificación estratéxica, participación e comunicación pública; pola proxección pública nacional e internacional da entidade e do seu padroado; pola capacidade de servir de nexo de unión e mediación entre entidades públicas e privadas; e pola vocación de poñer a disposición das administracións públicas e a sociedade a súa actividade investigadora. A singularidade do proxecto que se apoia, así como a experiencia da Fundación RIA en actuacións integrais e coordinadas neste ámbito, coa colaboración do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e a incorporación aos traballos dun grupo de expertos de recoñecido prestixio a nivel nacional e internacional, son os factores fundamentais que aconsellan a sinatura deste convenio, como fórmula comercial máis apropiada para artellar a colaboración entre todas as partes na procura do interese público.

O artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse, con carácter excepcional e de forma directa, entre outras, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, económico, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, concorrendo as presentes circunstancias no presente convenio, non só pola singularidade e interese público do proxecto, senón pola idoneidade da Fundación RIA e a colaboración do COAG para o seu desenvolvemento.

O orzamento máximo de todas as actividades que se prevén desenvolver ao abeiro deste convenio ascende a 146.900 €, distribuíndose a achega prevista entre a Fundación RIA (142.400 €) e o COAG (4.500 €), financiados pola Xunta de Galicia ao 100% do seguinte xeito:

A Consellería de Facenda e Administración Pública achegará un total de 73.450 €.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará un total de 73.450 €.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

En Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital
Jorge Atán Castro